

CURSO 2021-22

EDUCACIÓN FÍSICA-3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA-PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrasenas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
3. Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
4. Aprender a aprender (CAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.
5. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrático na vida social e cívica.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
7. Conciencia e expresión culturais (CCEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

2.- Obxectivos da educación primaria.

- a) A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permita:
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.- Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. ▪ B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. ▪ B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA,
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. ▪ B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación variada en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio. 	traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC, CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC, CSIEE, CAA 	
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. ▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais. ▪ B2.3. Autonomía persoal: autestima, expectativas realistas de éxito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	articulacións). ▪ B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración. ▪ B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables. ▪ B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento). ▪ B2.8. Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e dereita dos e das demais.	representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	posturas e posicións, durante un tempo determinado.	▪ CAA
			▪ EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			▪ EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
▪ b ▪ j ▪ k	▪ B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das	▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando	▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>habilidades motrices básicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas. ▪ B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión. ▪ B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices. ▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 	<p>e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>parámetros espazo-temporais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. ▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. ▪ EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. ▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. ▪ EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. ▪ B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal. ▪ B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo. ▪ B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. ▪ B4.5. Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado. ▪ B4.6. Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas. ▪ B4.8. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física. ▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa. ▪ B5.3. Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIE ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos. ▪ B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.			
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Descubrimiento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. ▪ B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais. ▪ B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. ▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia. ▪ B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. ▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia. ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			básicas.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo. ▪ B6.7 Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque). ▪ B6.9. Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...). ▪ B6.10. Coñecemento e coidado da contorno natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

4.- Vinculación entre estándares de aprendizaxe, incluídos os mínimos para a promoción de nivel, e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase.	X	X	X		Análise das producións dos alumnos	100%
▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	X	X	x		Análise das producións dos alumnos	100%
▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	X	X	X		Análise das producións dos alumnos	100%
▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
▪ EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB1.3.2. Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	X	X	X		Observación sistemática	100%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
▪ EFB1.3.4. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
▪ EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.			X		Observación sistemática	100%
▪ EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.		X		X	Observación sistemática Proba específica	65% 35%
▪ EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	X				Proba específica	100%
▪ EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.	X	X	X	X	Observación sistemática	100%
▪ EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.	X			X	Observación sistemática	100%
▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.		X	X		Observación sistemática Probas específicas	50% 50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	X		X	x	Observación sistemática Probas específicas	50% 50%
▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.	X	X	X	X	Observación sistemática Probas específicas	50% 50%
▪ EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	X			x	Observación sistemática Probas específicas	50% 50%
▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	X	X	X		Observación sistemática Proba específica	50% 50%
▪ EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.1.2. Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde.			X		Análise das producións dos alumnos	100%
▪ EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.			X	X	Análise das producións dos alumnos	100%
▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados.	X	x	X	x	Observación sistemática	100%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.			X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.			X		Observación sistemática	100%
▪ EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.		X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.		X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	X	X	X		Observación sistemática Proba específica	50% 50%
▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares , deportes individuais e actividades na natureza.		X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.			X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.			X	X	Observación sistemática Proba específica	50% 50%
▪ EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica		X	X		Observación sistemática	100%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
implicada nos xogos e actividades deportivas.						
▪ EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.	X	X	X		Observación sistemática	100%
▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.	X	X	X		Observación sistemática	100%

NOTA: TER EN CONTA QUE DEBIDO A SITUACIÓN SANITARIA DESTE CURSO 2021- 2022 , EN CASO DE QUE FOSE NECESARIO A ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL, ALGÚNS CONTIDOS VERANSE AFECTADOS POLAS CIRCUNSTANCIAS DE REALIZAR AS ACTIVIDADES FÍSICAS NO ESPAZO QUE CADA ALUMNO/A POIDA DISPOR INDIVIDUALMENTE.

5.- Elementos transversais.

Traballaranse en tódalas disciplinas:

- A comprensión lectora,
- A expresión oral e escrita,
- A comunicación audiovisual,
- As tecnoloxías da información e a comunicación,
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional

- Os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- Prevención de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Educación e seguridade viaria

6.- Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

6.1. Principios metodolóxicos

Neste curso, por mor da situación de nova normalidade, apoiarémonos em tres pilares para o desenvolvemento das actividades de Educación Física:

- Utilización de **medios tecnolóxicos** no proceso de aprendizaxe para obter, procesar e producir información, relacionada coa área.
- **Saúde e coidado persoal** no escenario de nova normalidade.
- **O traballo individual** como base do desenvolvemento das habilidades motrices básicas.

Ademáis

- A Educación física neste curso terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.
- Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.
 - ***Metodoloxía a seguir no caso de ter que activar o ensino a distancia:***
 - A área de Educación Física ten unha compoñente presencial que non é posible suplir pola formación online. Así a todo os contidos pódense traballar e reforzar mediante actividades a través da rede. Como exemplo, fichas sobre saúde e coidado corporal, as partes do corpo e o funcionamento básico dos sistemas do organismo relacionados coa actividade, propostas de exercicios físicos de compoñente individual que axuden a mellorar as capacidades físicas básicas, etc...
 - Por outra banda haberá outros que será máis complicado desenvolver polas propias limitacións de espazo físico, materiais, compoñente grupal –necesidade de interaccionar cos compañeiros/as- ou de organización espazo-temporal.
 - As actividades serán realizadas a través da AULA VIRTUAL do centro.

6.2. Secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe.

A concreción da metodoloxía maniféstase na secuencia e no tipo de actividades que o profesorado programa e que logo desenvolve na aula co alumnado. A secuencia base da actividades educativas aproxímarase á seguinte:

6.2.1.- Actividades para a presentación do centro de interese a traballar da forma máis chamativa posible, tratando de espertar a atención do alumnado e de motivalo cara as novas aprendizaxes, mediante vídeos, lecturas, xogos...

6.2.2.- Actividades de indagación/explicitación das ideas previas dos alumnos/as:

- **Informar** aos alumnos/as sobre os novos contidos a tratar, buscándolle **relación con outros contidos tratados con anterioridade**.
- Facer **preguntas** que obriguen aos distintos alumnos/as a relacionar os novos contidos con diferentes situacións funcionais e **que permitan identificar que tipos e graos de coñecemento** teñen sobre o tema.
- Promover a **intercomunicación do alumnado** sobre as novas cuestións (isto dá unha información importante para formar grupos).
- **Rexistrar** en instrumentos adecuados a información sobre a situación inicial dos alumnos/as.

6.2.3.- Actividades para a aprendizaxe dos novos contidos:

Usaranse fundamentalmente dúas vías:

a) Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:

- O profesor presentará o **novo contido de xeito claro, ben estruturado dende o punto de vista lóxico, usando demostracións, exemplos, formatos diferentes (imaxe, vídeos, esquemas...) e posibles aplicacións a casos prácticos**.
- Inmediatamente despois alumnos e alumnas con diferentes capacidades e coñecementos previos **resolverán exemplos semellantes** diante dos compañeiros, quedando para o final os menos competentes respecto a eses contidos.
- Analizaranse con todo o grupo **actividades xa resoltas** (ben ou mal).
- Proporanse **actividades de igual complexidade** cós exemplos do mestre/a para que os alumnos/as os fagan **autonomamente**.

b) Traballos de investigación ou busca de información por parte do alumnado coa guía do profesor:

- Escóllese o tema a traballar (mellor coa participación do alumnado).
- Estúdanse as concepcións previas do alumnado sobre o tema.

- Concrétanse os aspectos que queremos descubrir (que queremos saber?).
- O profesorado propón os recursos (en papel ou na rede) que se consultarán para responder as preguntas.
- O alumnado busca a información nas fontes propostas.
- O alumnado traballa a información e con ela elabora un produto final (un documento, un mural, unha presentación...), para mostrarlle aos demais as súas conclusións.

6.2.4.- Actividades de xeneralización e de aplicación das aprendizaxes adquiridas:

- O profesor explica con claridade, con exemplos e demostracións, como os contidos aprendidos se aplican a diferentes situacións. Irá aplicando o novo contido a diferentes variables e explicitando os pasos para resolver-la situación.
- Propóráselle aos alumnos/as actividades de diferentes graos de complexidade, dándolle opción a que cada un elixa a que máis se adapte á súa competencia. O grao de complexidade virá dado en función de:
 - o Parecido coas actividades de aprendizaxe.
 - o Número de variables a ter en conta.
 - o Grao de dirección da actividade.

6.2.5.- Actividades de exercitación e memorización:

- Organizar **actividades de reforzo** (co mesmo grao de complexidade que as anteriores) e de **ampliación** (mesmos contidos en situacións diferentes).
- Organizar **novas actividades de titoría entre iguais**, actuando os máis competentes como modelos.

6.2.6.- Actividades de aplicación práctica das aprendizaxes a situacións concretas da vida real (implican resolver situacións problemáticas similares ás presentadas na avaliación das competencias básicas):

- Propoñer algún **traballo que leve consigo algún tipo de produto**, para que o alumno/a aplique as aprendizaxes adquiridas: unha saída,

situación de laboratorio, cartel-mural resume, exposición ó grupo clase..... Propóranse varios **traballos de distinta complexidade**.

7.- Materiais e recursos didácticos.

- Gimnasio, cos seus recursos estruturais fixos.
- Pista polideportiva.
- Aula-clase de cada grupo, nos seus horarios correspondentes.
- Aula TIC.
- Material específico de educación física: aparatos, aros, balóns, picas...
- Material de elaboración propia.
- Recursos da biblioteca escolar.

8.- Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo entre o 10 e o 30 de setembro. Farase en base ás seguintes accións:

- Análise das actas finais do curso anterior de cada grupo de alumnos.
- Análise dos informes individualizados ou informes psicopedagóxicos que poida haber de cada alumno.
- Observación da actividade escolar de cada grupo e de cada un dos alumnos/as durante o traballo de aula..
- Realización de probas específicas de avaliación inicial elaboradas previamente polo profesorado en base aos estándares de aprendizaxe do curso anterior.
- Valoración dos resultados e toma de decisións para recoller as medidas que se consideren oportunas na programación didáctica.
- Reunión da avaliación inicial durante a primeira semana de outubro.
- Rexistro dos datos da avaliación inicial nos documentos do profesorado e no XADE.

9.- Procedemento de avaliación continua.

Cada titor/a coordinará o desenvolvemento da avaliación continua que será realizada polo Equipo Docente de xeito colexiada.

Os profesores/as de cada área informarán ao alumnado sobre os obxectivos, competencias básicas, contidos e estándares de aprendizaxe que se lle van pedir. Esta información será xeral ao principio de curso e máis concreta ao comezo de cada unidade didáctica.

Para a avaliación continua terase en conta toda a actividade desenvolvida polo alumnado: tarefas que realiza diariamente na aula (exercicios, xogos, traballos, participación oral), probas escritas periódicas, esforzo e actitude.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan: reforzo educativo, adaptación curricular non significativa, apoio pedagóxico por parte do profesorado encargado desta tarefa, compromiso educativo coas familias...

Durante o curso celebraranse tres sesións de avaliación, que coincidirán cos finais de cada un dos trimestres. De cada unha destas sesións o titor/a de o grupo levantará acta coas decisións e acordos adoptados.

Posteriormente a estas sesións de avaliación, o titor/a informará ás familias sobre o resultado da avaliación, por escrito, mediante o boletín de notas, e introducirá as cualificacións no XADE.

Independentemente destas reunións, a relación entre titor e familia deberá ser continua ao longo do curso escolar, debéndose intensificar as entrevistas coas familias de alumnos cuxo rendemento non sexa adecuado. Cada titor/a terá un rexistro de visitas de pais/ nais.

A final de cada curso, o titor/a entregará ás familias información máis detallada da evolución do seu fillo/a, indicando os aspectos que deben mellorarse. Esta información referirase aos obxectivos de cada área e ao grado de adquisición das competencias clave.

Esta información curricular será incluída polo titor no expediente académico.

Procedemento para a toma de decisión da promoción de nivel:

- Ao finalizar o curso, o equipo docente de nivel, reunido en sesión de avaliación final, deberá decidir sobre a promoción de cada un dos alumnos e alumnas ao curso seguinte.
- A decisión debe ser consensuada por todo o profesorado, debendo ter especial consideración a información do titor ou titora. En caso de non existir acordo prevalecerá a opinión do titor/a.

- No caso que un titor ou titora considere que é máis adecuado que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso, deberá entrevistarse coas familias (antes de que o Equipo Educativo tome a decisión), a fin de solicitar a súa opinión sobre tal medida. De devandita entrevista deberá quedar constancia escrita.

10.- Medidas de atención á diversidade

Ás clases de educación física asistirá, como norma xeral, todo o alumnado do grupo, sen que ninguén saia a recibir apoio fóra de aula. Tampouco contarán, habitualmente, con ningún profesorado de apoio. Polo tanto, as medidas fundamentais de atención á diversidade que se poñerán en marcha serán aquelas que axuden a xestionar o grupo completo tendo en conta, na maior medida posible, as necesidades específicas de cada un dos seus integrantes. As metodoloxías propostas son as principais medidas de atención á diversidade. Ademais, na programación de aula ou na programación de cada unha das unidades didácticas concretaranse medidas específicas para desenvolver ao longo do curso, entre as que poderían contemplarse, entre outras:

- Priorizar os obxectivos e contidos que se consideren fundamentais para futuras aprendizaxes, que teñan funcionalidade e aplicación práctica e que fagan referencia a procedementos.
- Partir sempre dos coñecementos previos de cada alumno.
- Diseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade e que permitan distintos modos de execución.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.
- Propoñer actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos: pequeno grupo, gran grupo, individual.
- Planificar actividades de libre execución por parte dos alumnos segundo os seus intereses.
- Planificar actividades que faciliten a manipulación e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.
- Distribución heteroxénea do alumnado.
- Ubicación do alumnado con necesidades específicas nos lugares que máis lle favorezan.
- Plantexar sesións onde se alternen a explicación de teoría coa realización de exercicios prácticos.

- Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a comunicación e o descubrimento.
- Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as (especialmente para os alumnos/as con neae).
- Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todos os alumnos/as, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e neae. Son especialmente adecuadas: técnicas de demostración e modelado, técnicas de traballo cooperativo, titorías entre iguais, traballo por proxectos, ...
- Favorecer o tratamento globalizado e interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe buscando a xeneralización.
- Partir das motivacións e intereses dos nenos/as (centros de interese).
- Fomentar un bo clima de relacións sociais (respecto e tolerancia).
- Favorecer o uso de distintos materiais e recursos para que podan manipular e experimentar.
- Empregar distintos espazos e recursos dentro e fóra da aula.
- Introducir a avaliación do contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, a participación, traballos individuais e grupais, ...)
- Concretar e/ou facilitar os contidos mínimos que deben estudar.
- Plantexar modificacións na forma de preguntar nas probas de avaliación (tipo test, de desenvolvemento, exames orais, preguntas de unir con frechas, preguntas curtas, secuenciar os pasos dun problema, distanciar as preguntas en distintas follas, empregar apoios visuais, uso das TICs, ...)
- Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da iluminación.
- Contratos didácticos co alumnado e coas familias.

11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

12. Avaliación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará: cada ano, a principio de curso

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación.				
Adecuación dos estándares mínimos para a promoción do alumnado.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Concreción dos elementos transversais.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

13.Pautas para a educación en tempo de confinamento. Orientacións para elaborar traballos durante a pandemia.

1.- Horario: Seguirase o horario espello establecido no plan de continxencia do centro para o curso 2021-2022.

2.- Recursos tecnolóxicos para a educación a distancia: Utilizarase preferentemente a Aula Virtual do Centro, onde estarán aloxados e secuenciados, coa antelación suficiente, contidos e actividades.